

CIRCULAR 248

INFORMATIVA DO
COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

MAIO / XUÑO 2014

XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Responsable da Páxina Web



Concepción Fernández Fernández

Secretaria



Mª Concepción Prado Álvarez

Vicesecretaria / Responsable de Emprego / Responsable do Fondo Bibliográfico e Psicométrico



Miguel Ángel Chouza Ponte

Tesoureiro / Responsable de Servizos Colexiais e de Formación



José Luis Domínguez Rey

Vogal / Responsable da Circular Informativa / Correspondente de Infocop e Coordinador coa Sección de PTO



Olegaria Mosqueda Bueno

Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicoloxía Educativa



Ana Isabel Martínez Arranz

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade



José Manuel Oreiro Blanco

Vogal / Responsable de Cadernos de Psicoloxía e Coordinador coas Seccións de Psicoloxía da Intervención Social e Xurídica



Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero / Responsable de Dinámica Sociocultural



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Coordinador coa Sección de Psicoloxía e Saúde



Marta Rivas Rodríguez

Vogal / Coordinadora coa Comisión de Ética e Deontoloxía

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a N° 249 de xullo/agosto de 2014,
e sairá a principios do mes de setembro de 2014.
A información terá que ser remitida como data límite
o 15 de xullo.

5	Información Xeral
14	Información das Seccións
21	Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)
23	Grupo de Tráfico e Seguridade
23	Cursos, Xornadas e Congresos

Editorial

Novos azos pola psicoloxía

Neste 2014 o lema do noso Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia é reivindicar o exercicio da profesión máis ca nunca. Recollemos dos últimos anos un testemuño complexo, marcado pola crise económica e social, pero esta carreira de relevos segue con forza cara a unhas metas que temos claras. Convivimos nunha institución que medra e se fai cada vez máis presente na nosa sociedade, nun contexto no que moitas outras se atopan máis febles ou incluso en risco de desaparición.

O pasado mes de maio a Xunta de Goberno do COPG tomou posesión do cargo como un equipo unido e aberto ás colaboracións. A institución da que formamos parte ten un marcado carácter participativo e esa é e debe ser a base fundamental sobre a que sustentarse. O devir desta unión profesional debe seguir orientado polas achegas de todos os colexiados e colexiadas, que dan sentido á súa pervivencia e ao seu fortalecemento. Sentados os alicerces organizativos, para a súa correcta engraxe debe continuar sendo fluída a comunicación do COPG cos colexiados e colexiadas, así como co estudantado que finaliza os seus estudos e queira acompañarnos na nosa institución. As novas incorporacións garanten a renovación, ao achegar as súas inquedanzas e a súas novas perspectivas de cara á formación e ao exercicio da profesión.

Afrontamos por diante meses complexos á hora de dar resposta a todas as necesidades sociais que van xurdindo, pero o itinerario

está marcado e o compromiso coa nosa profesión é firme. Desde a estrutura do propio Colexio, quedarán reforzadas das Seccións profesionais de Psicoloxía e Saúde, Educativa, Intervención Social, Traballo e das Organizacións, e Xurídica. O COPG é consciente da necesidade de seguir favorecendo o desenvolvemento científico profesional, potenciando tamén as Comisións Intersectoriais de Mediación e Xénero e de Deporte, ademais dos Grupos de Traballo GIPCE e Tráfico e Seguridade.

Nun contexto económico convulso, ábreanse novos e vellos desafíos que manter incorruptibles, como o deontolóxico ou o formativo. Os psicólogos e psicólogas somos necesarios hoxe en todos os ámbitos, desde o educativo ata na mediación e é un axioma que non debemos ver só desde dentro, senón que hai que reforzalo portas afora. É esta unha reivindicación pola que pelexar desde todos os escaparates posibles. De cara á sociedade, facer o oficio digno máis visible ca nunca grazas á unha maior presenza nos medios de comunicación, feita dun xeito responsable e meditado, trasladando a profesionalidade e o respecto aos propios cidadáns e cidadás.

De cara ás Administracións, a unión fainos fortes para demandar a creación e o incremento de prazas de psicólogos e psicólogas en Xustiza, Educación, Servizos Sociais e Sanidade. Anos de traxectoria aválannos como un círculo con entidade para esixir a presenza de profesionais en Psicoloxía nos equipos multidisciplinares.

E desde o propio COPG, ademais de atender as incidencias, o obxectivo é crear unha comisión de Instrusismo, que vele pola profesionalidade e a legalidade, tanto para evitar a competencia desleal de cara a aqueles e aquelas que nos formamos na nosa profesión, como por respecto e protección aos cidadáns e cidadás.

Cada membro do Colexio ten o dereito a contar con el para asesorarse, formarse e participar da súa traxectoria e das cuestións que poidan ir xurdindo neste tempo de cambios. Con cada chanzo que se suba en común, a altura acadada virá marcada pola superación. Formación, especialización, participación e igualdade serán os alicerces que sustenten a nosa institución e a nós mesmos como parte desta fermosa profesión.

AVISOS

Rexistro de psicólogos/as especialistas en Psicoloxía Clínica

O COPG creou un rexistro de psicólogos/as especialistas en Psicoloxía Clínica para dar cumprimento ao estipulado no Real Decreto que crea e regula a Especialidade de Psicoloxía Clínica (Real Decreto 2490/1998 do 20 de novembro) e da Lei de Ordenación das Profesións Sanitarias (Lei 44/2003 de 21 de novembro).

Todas aquelas persoas colexiadas que teñades acadado esta titulación do Ministerio e aínda non o presentastes no COPG, tedes que achegar unha copia compulsada do título de especialista para incorporala ao voso expediente e quedar debidamente anotado no citado rexistro de especialistas. Para máis información contactar coa administración do COPG.

Relacións institucionais

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, mantivo unha reunión o pasado 7 de maio coa directora xeral de Familia e Inclusión da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, M^a Amparo González Méndez, para tratar sobre os convenios de mediación intraxudicial que se están levando a cabo en Santiago de Compostela e Ourense.



Miguel A. Chouza Ponte

O 13 de maio a decana, M^a Rosa Álvarez Prada e o tesoreiro, Miguel Ángel Chouza Ponte, mantiveron unha reunión con Pedro Giménez Domínguez, responsable do Departamento de Formación de Cruz Roja na provincia da Coruña, o cal expuxo as actividades que levan a cabo na área de formación, especialmente no ámbito sociosanitario e socioeducativo.



Manuela del Palacio García

Manuela del Palacio García e Ana María Ulloa Lage, presidenta e vicepresidenta respectivamente da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG, mantiveron unha reunión coa Decana da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, Carolina Tinajero Vacas, co obxectivo de demandar o Máster en Psicoloxía Educativa.

M^a Rosa Álvarez Prada, decana do COPG, asistiu o 28 de maio ao Pleno e á Asemblea Xeral de Unión Profesional de Galicia celebrada en Santiago de Compostela.



Francisco Javier Sardiña Agra

A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, e o presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde, Francisco Javier Sardiña Agra, reuníronse o pasado 5 de xuño co secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, Antonio Fernández-Campa García-Bernardo, para tratar sobre o rexistro de centros sanitarios no caso dos titulados/tituladas en Psicoloxía, unha vez entrada en vigor a Lei 3/2014, de 27 de marzo, pola que se modifica o texto refundido da Lei Xeral para a Defensa de

Consumidores e Usuarios na que se inclúe unha disposición que recoñece os dereitos adquiridos polas psicólogas e psicólogos que na actualidade desenvolven o seu labor no ámbito sanitario e se atopan acollidos á regulación transitoria disposta na Lei de Economía Social.

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, é a coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero (PAPMVX), Fátima López Rodríguez, mantiveron unha reunión o 9 de xuño coa secretaria xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, Susana López Abella, a subdirectora xeral para o Tratamento de Violencia de Xénero, M^a Belén Liste Lázara, e o presidente da Federación de Asociacións de persoas Xordas de Galicia, Iker Sertucha Lista, para tratar temas relacionados coa atención a mulleres xordas, vítimas de violencia de xénero, dentro do PAPMVX.



Fátima Rodríguez López

En representación do Colexio

A coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade, Eva Muíño Gómez, e a vicesecretaria da Xunta de Goberno, M^a Concepción Prado Álvarez, participaron no Foro da Intermediación e o Emprego que se celebrou no Pazo de Congresos e Exposicións de Galicia, en Santiago de Compostela os días 24 de 25 de abril, organizado polo Concello de Santiago de Compostela.

A Secretaria do COPG, Concepción Fernández Fernández, asistiu ás reunións celebradas o 29 de abril, o 15 de maio e o 10 de xuño, do Movemento Galego de Saúde Mental, do cal o Colexio forma parte.



Concepción Rodríguez López



Concepción Fernández Fdez.



Carlos Montes Piñeiro

Carlos Montes Piñeiro, coordinador do Grupo de Traballo en Saúde e Benestar Ocupacional da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG, asistiu o 9 de maio a unha xuntanza coa directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), Adela Quinzá-Torroja García, no Centro ISSGA de Lugo.

Dentro dos diferentes temas abordados, cabe destacar que o ISSGA solicita a repetición da xornada técnica sobre acoso escolar organizada conxuntamente no pasado mes de marzo na Coruña e a edición dun documento informativo sobre os riscos psicosociais no traballo.



Mª Rosa Álvarez Prada

A decana, Mª Rosa Álvarez Prada, e a vogal da Xunta de Goberno do COPG Eva Muíño Gómez asistiron o 9 de maio a un acto que tivo lugar no Hotel San Francisco en Santiago de Compostela, co Presidente do Consello de Estado, organizada pola Unión Profesional de Galicia.

Mª Leonor Galiana Caballero, tesoureira da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, acudiu o 8 de maio á sesión extraordinaria do Consello Galego de Benestar Social da Xunta de Galicia.



Eva Muíño Gómez

Eva Muíño Gómez, vogal da Xunta de Goberno e coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, participou na comparecencia perante a Comisión non permanente de estudo sobre a Seguridade Viaria en Galicia o pasado 12 de maio no Parlamento de Galicia.

A decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada, interveu como relatora nunha das mesas redondas da “III Xornada valenciana de psicoloxía do tráfico e a seguridade: Promovendo o futuro da seguridade”, organizada polo Col·legi Oficial de Psicòlegs dela Comunitat Valenciana, o pasado 17 de maio.

O 17 de maio, a coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG, Ana Isabel Martínez Arranz, participou co relatorio “Intervención no accidente do tren Alvia en Santiago de Compostela” no marco da xornada de formación interna “Xestión de intervención psicolóxica en desastres e emerxencias”, organizada polo Grupo de Traballo de Psicoloxía da Intervención en Emerxencias e Catástrofes do Consejo General de la Psicología.



Ana Isabel Martínez Arranz

A tesoureira da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M^a Leonor Galiana Caballero, acudiu o 21 de maio á unha reunión do Grupo de Traballo en materia de perspectiva de xénero derivada do Consello Galego de Benestar Social da Xunta de Galicia.

O 22 de maio, a decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, acudiu á reunión do Pleno do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela.

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, como membro do Consello Social da USC, acudiu á toma de posesión do novo Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, D. Juan Manuel Viaño Rey e do seu equipo, celebrado o 9 de xuño no Salón Nobre do Colexio de Fonseca en Santiago.

O COPG e o Consejo General de la Psicología

O coordinador da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións, José Luis Domínguez Rey, asistiu á reunión da Coordinadora da División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos do Consejo General de la Psicología e ao III Encontro Interterritorial de Seccións de PTO dos distintos Colexios os días 9 e 10 de maio en Madrid.

AVISOS

Títulos de Licenciatura/Grao en Psicoloxía

Lebrámoslle a todas as persoas que se colexiaron co depósito do título de Licenciatura/Grao en Psicoloxía e que aínda non presentaron o título orixinal, que deberán facelo á maior brevidade posible para o seu rexistro.

Deberán traer orixinal e copia, ou enviar unha fotocopia compulsada para archivar no seu expediente colexial.



José Luis Domínguez Rey

José Luis Domínguez Rey, coordinador da Sección de PTO, asistiu o 9 de maio en Madrid á xornada “A Norma UNE-ISO 10667: Garantía na avaliación de persoas en organizacións”, organizada conxuntamente entre a Cámara de Comercio e Industria de Madrid e a Fundación Española para la Promoción y el Desarrollo Científico y Profesional de la Psicología (PSICO-FUNDACIÓN).

A presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG, Manuela del Palacio García, asistiu o 9 de maio á reunión da Área de Psicoloxía da Educación do Consejo General de la Psicología en Valencia.

Manuela del Palacio García e Ana María Ulloa Lage, presidenta e vicepresidenta respectivamente da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG, participaron os días 9 e 10 de maio en Valencia na xornada técnica “O psicólogo educativo no sistema educativo actual”, organizada pola Área de Psicoloxía da Educación do Consejo General de la Psicología.

A coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG, Ana Isabel Martínez Arranz, asistiu á reunión do Grupo de Traballo de Psicoloxía da Intervención en Emerxencias e Catástrofes do Consejo General de la Psicología o pasado 17 de maio en Madrid.



Mª Jesús López Cernadas

Eva Muíño Gómez, coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, asistiu á reunión da Área de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade do Consejo General de la Psicología celebrada en Madrid o 24 de maio.

A presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, Mª Jesús López Cernadas, asistiu o pasado 7 de xuño á reunión da Área de Psicoloxía da Intervención Social do Consejo General de la Psicología en Madrid.

A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu á reunión celebrada o 6 e 7 de xuño do Grupo de Traballo para a Defensa da Profesión e contra o Intrusismo, para a elaboración dun proxecto de creación dunha Comisión Estatal para a Defensa da Profesión e contra o Intrusismo.

Novo membro na Comisión de Ética e Deontoloxía

Na Asemblea Xeral Extraordinaria de Colexiados e Colexiadas do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, que tivo lugar o pasado 27 de maio, aprobouse a incorporación de M^a Teresa Hermida Pérez G-1517 como vogal da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG.

Proclamación definitiva da nova Xunta de Goberno

A Comisión Electoral do COPG, na súa reunión do 15 de maio de 2014, cumpridos os prazos estipulados para a presentación de reclamacións, en cumprimento do disposto no artigo 42 dos Estatutos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (Decreto 114/2008, do 22 de maio da Xunta de Galicia. DOG nº 110 do 9 de xuño de 2008), acordou a proclamación definitiva da nova Xunta de Goberno do COPG.

O 20 de maio fíxose o traspaso de competencias da Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na cal se presentaron pola Xunta de Goberno saínte os informes da memoria de actividades e a situación económica e patrimonial do Colexio e fíxose entrega a nova Xunta de Goberno da documentación legal do COPG.

O 27 de maio tivo lugar a toma de posesión da nova Xunta de Goberno cos cargos que á continuación se detallan:

AVISOS E ANUNCIOS

Este é un espazo gratuito reservado para que os Colexiados e Colexiadas poidan inserir anuncios por palabras, sobre aluguer, compra-venta, ou para compartir despachos profesionais.

❑ Os anuncios enviaranse á Administración do COPG antes do día 15 de cada mes par.

❑ O número máximo de palabras por cada anuncio será de 50.

❑ Para calquera información consultar coa Administración do COPG.

Exemplo: “Alúgase despacho de psicoloxía a tempo parcial ou completo de 20 m² na Rúa Santa Margarita, 35. Santiago de Compostela. Tfno.: 981 000 000”.



M^a Rosa Álvarez Prada (G-1173), decana.

Hipólito Puente Carracedo (G-0313), vicedecano. Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación e responsable da páxina web.

Concepción Fernández Fernández (G-3497), secretaria.

M^a Concepción Prado Álvarez (G-0793), vicesecretaria.
Responsable de emprego e do fondo bibliográfico e psicométrico.

Miguel Ángel Chouza Ponte (G-0066), tesoureiro.
Responsable de servizos colexiais e formación.

José Luis Domínguez Rey (G-0136), vogal.
Responsable da Circular Informativa do COPG, correspondente de Infocop e coordinador da Sección de PTO.

Ana Isabel Martínez Arranz (G-2573), vogal. Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE).

Olegaria Mosqueda Bueno (G-1024), vogal.
Coordinadora coa Sección de Psicoloxía Educativa.

Eva Muíño Gómez (G-1281), vogal.
Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade.

José Manuel Oreiro Blanco (G-1285), vogal.
Responsable de Cadernos de Psicoloxía e coordinador coas Seccións de Intervención Social e Xurídica.

Marta Rivas Rodríguez (G-3609), vogal.
Coordinadora coa Comisión de Ética e Deontoloxía.

M^a Concepción Rodríguez Pérez (G-3064), vogal.
Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero e responsable de dinámica sociocultural.

Víctor Manuel Torrado Oubiña (G-1625), vogal.
Coordinador coa Sección de Psicoloxía e Saúde.

Sinatura de convenio en materia de Violencia de Xénero

A decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, M^a Rosa Álvarez Prada, e o vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda Valenzuela, asinaron o 28 de abril na sede colexial o convenio polo que se desenvolven os Programas de Atención Psicolóxica en Violencia de Xénero. Ao acto tamén acudiu a secretaria xeral de igualdade da Xunta de Galicia, Susana López Abella, a subdirectora xeral para o Tratamento de Violencia de Xénero, M^a Belén Liste Lázara, a coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica á Mulleres que sofren Violencia de Xénero, Fátima Rodríguez López, e o coordinador do Programa Abramos o Círculo do COPG, Rubén Villar Trencó. Mediante este convenio permítese o desenvolvemento dos dous programas para abordar de xeito integral esta problemática que tan vixente está na nosa sociedade, Abramos o Círculo, destinado a homes que voluntariamente desexan erradicar a agresividade das súas relacións de parella, e o Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero, orientado ás vítimas de violencia.



Momento da sinatura

Alegacións ao informe social para a Área da Inclusión (ISI)

A instancias da Consello Galego de Benestar Social da Xunta de Galicia, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia presentou alegacións que se estimaron oportunas ao informe social para a Área da Inclusión (ISI).

AVISOS

Renovación carnés

Se o teu carné está caducado ou caduca en breve, solicita a súa renovación na Administración do Colexio, por teléfono ou por e-mail.

AVISO

Aquelas persoas colexiadas que teñan inquietudes relacionadas coa fotografía, pintura ou escultura, teñen á súa disposición a sede colexial para expoñer as súas obras.

As persoas interesadas a tal efecto poden contactar coa Administración do Colexio.

Medios de comunicación

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio: <http://copg.copgalicia.org/comunicacion/prensa> e <http://copg.copgalicia.org/comunicacion/o-copg-nos-medios>. O COPG xa está presente nas principais redes sociais. De seguido se reproducen os enlaces de acceso ás mesmas:

f Facebook: <http://www.facebook.com/copgalicia>

t Twitter: www.twitter.com/copgalicia / @copgalicia

in LinkedIn: <http://www.linkedin.com/groups/Colexio-Oficial-Psicolox%C3%ADa-Galicia-4811703/about>

Información sobre o exercicio da psicoloxía sanitaria

Lémbrese a todos os colexiados e colexiadas que a partir do 6 de outubro de 2014 aqueles que figuren ou figuren sen como persoal dun centro, servizo ou establecemento sanitario de acordo ao regulado na disposición sexta da Lei 5/2011, poderán seguir desempeñando a súa actividade profesional no ámbito da psicoloxía sanitaria sen necesidade de estar en posesión do Título de Especialista en Psicoloxía Clínica ou do Título de Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria.

Máis información: <http://copg.copgalicia.org/regulacion-da-psicologia-no-ambito-sanitario>

Colexiación obrigatoria

De acordo coa normativa vixente, a colexiación é obrigatoria para o exercicio da profesión, e en consecuencia as persoas que non estean colexiadas non poderán exercer como psicólogos e psicólogas.



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

Formación realizada

- ❑ O pasado 17 de maio rematou o Curso “Formación en psicoloxía sanitaria. Grupo de prácticas”, coordinado por **José Eduardo Rodríguez Otero**, secretario da Sección. Traballáronse contidos como as destrezas básicas de entrevista, avaliación e intervención do exercicio da psicoloxía no ámbito sanitario.
- ❑ O Curso “A primeira entrevista en psicoloxía clínica” celebrouse no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela o 6 e 7 de xuño. Foi impartido por **Yolanda Castro Casanova**, Facultativa Especialista de Área de Psicoloxía Clínica no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense. Desde unha perspectiva teórica e práctica impartíronse coñecementos útiles para a realización axeitada dunha primeira entrevista clínica, analizando aspectos como a alianza terapéutica e a planificación do caso.

Formación prevista

Desde a Sección de Psicoloxía e Saúde estamos a traballar nas vindeiras propostas de formación, pero animámosvos a que nos enviades as vosas suxestións sobre temas que sexan do voso interese.

Anuario da Sección

O novo equipo de redacción desta publicación, dirixido por Marta González Rodríguez, está xa a traballar nos contidos que incluírá o próximo número. O Anuario contará unha vez máis cunha sección de “casos clínicos” na que vos invitamos a participar. Agardamos as vosas colaboracións.

Apoio á mobilizacións

Desde a Sección queremos mostrar o noso apoio á plataforma do **Movemento Galego da Saúde Mental (MGSM)** e a súa loita contra o deterioro da atención a saúde mental no sistema público de

INFORMACIÓN DAS SECCIÓNS

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG tendo como data límite o 15 de cada mes par.



Asistentes ao curso



Momento do curso

saúde. Invitámosvos a visitar o seu blog <http://movementogalegodasaudemental.blogspot.com.es> e a participar en actividades como a xornada celebrada o pasado 28 de xuño na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela convocada polo MGSM.

A **Mesa Galega da Psicoloxía Clínica** convocou tamén unha manifestación o día 20 de xuño ante o Ministerio de Sanidade en Madrid en defensa da Especialidade en Psicoloxía Clínica.

Lexislación

Lémbrese a obriga de **inscribirse como acreditados para o exercicio de actividades sanitarias no Rexistro de Centros, Servizos e Establecementos sanitarios**, de acordo ao regulado na disposición adicional sexta da **Lei 5/2011, de 29 de marzo, de Economía Social, a todos/as aqueles/as que realizan actividades sanitarias e/ou traballan en centros sanitarios**. Asemade, lémbrese tamén a todas as persoas colexiadas con consultas propias dedicadas á área de psicoloxía sanitaria, a **obriga de inscribir as súas consultas no mencionado Rexistro**.

Desde a Sección estamos a ter reunións con representantes de Sanidade da Xunta de Galicia co obxectivo de facilitar ás colexiadas e colexiados estes trámites. Se tedes dificultades coa Administración podedes facérmolas chegar para que o COPG poida actuar como interlocutor.

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía e Saúde da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/secciones/psicologia-e-saude>



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA



Momento do obradoiro

Formación

□ Na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela o pasado 21 e 22 de marzo celebrouse o Obradoiro “Programa de convivencia para a prevención da violencia escolar e o bullying. Programa TEI”, impartido por **Andrés González Bellido**, psicólogo clínico e educativo e presidente da Sección de Psicoloxía Educativa do Col·legi Oficial de Psicòlegs de Catalunya.

O obradoiro permitiu aos asistentes coñecer, desenvolver e aplicar o programa TEI: Titoría Entre Iguais, nos centros educativos, tanto de primaria como de secundaria.

▣ Impartido por **José Carlos Cardama Barrientos**, psicólogo director no Gabinete de Psicoloxía ARCA en Vigo e Premio Reina Sofía de Integración e Rehabilitación, o 12 de xuño celebráronse na sede do COPG as Xornadas “A atención temperá en Galicia. Situación actual”. Os asistentes puideron analizar a figura do/a psicólogo/a na atención temperá e a súa situación laboral na actualidade.

Informacións


A presidenta da Sección, Manuela del Palacio García, e a vice-presidenta, Ana Mª Ulloa Lage, asistiron á Xornada técnica “O psicólogo educativo no sistema educativo actual”, organizada pola Área de Psicoloxía da Educación do Consejo General de la Psicología, celebrada os días 9 e 10 de maio en Valencia. Os representantes das comunidades autónomas analizaron a presenza do/a psicólogo/a educativo no sistema educativo. A presidenta da Sección coordinou un dos obradoiros que levou por título “Trastorno da aprendizaxe, discapacidades e problemas sociais”. Tamén aproveitamos a ocasión para presentar o tríptico no que se recolle o rol do/a psicólogo/a educativo elaborado pola Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG.



Momento das xornadas



Momento da xornada



Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía Educativa da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/secciones/educativa>



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

División

Unha vez creada a División de Psicoloxía da Intervención Social, realizaranse as eleccións dos membros que conformen a directiva da mesma a nivel nacional. Elíxense tres persoas entre todas as que se presenten como candidatas mediante votación a través da plataforma.

Tanto se queres presentarte como candidato/a como se queres participar votando, debes figurar inscrito/a na División.

Para poder presentarte como persoa candidata debes levar como membro inscrito polo menos un ano, mentres que para votar só é necesario ser membro da División.

Toda a información do proceso será enviada a través dos medios de costume, pero é conveniente que as persoas que non estean aínda inscritas e lles interese procedan a inscribirse o antes posible.

Informacións

□ Para o mes de novembro terán lugar en Barcelona as Xornadas Nacionais de Envellecemento de grande interese para todos os profesionais que estean desenvolvendo proxectos e tarefas neste eido.

□ A principios do mes de novembro celebraremos a Asemblea Ordinaria Anual de socios e socias da Sección. Ao abeiro da Asemblea celebraremos o III Seminario Galego de Psicoloxía da Intervención Social, polo que se alguén está interesado/a nalgunha temática concreta, agradecemos que nos faga chegar as súas ideas e propostas.

Agradecemos ideas, propostas e achegas que nos fagades chegar para contribuír a un mellor funcionamento da Sección.

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía da Intervención Social da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/secciones/intervencion-social>



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

Xornada de traballo sobre a identidade profesional PTO

O pasado 10 de maio, organizado polo Consejo General de la Psicología a través da División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos, celebrouse en Madrid o III Encontro Interterritorial de PTO que baixo o lema de “Identidade profesional” foi unha oportunidade para abordar os retos de futuro para os profesionais de PTORH. Nesta xornada de traballo, onde estivo presente a Sección, entrevistou Xavier Cantera Herrero, Presidente do Grupo BLC Human, que disertou sobre os traba-



Momento do encontro

llos emerxentes e o rol expandido do psicólogo PTO nos novos escenarios da selección de persoal e a avaliación. Temas como a xestión da diversidade, a automotivación, os crecementos de persoas, as ferramentas tecnolóxicas, a involucración proactiva ou a xestión de confianza centraron o debate dos participantes. Na xornada tamén se fixo unha análise do impacto da Lei de Servizos e Colexios Profesionais, sobre o particular, Fernando Chacón Fuertes, vicepresidente do Consejo General de la Psicología, realizou unha valoración sobre o marco normativo e legal dos profesionais da psicoloxía.

Sesións interactivas sobre competencias

O 28 de abril finalizou o ciclo de sesións de carácter interactivo con estudantes iniciadas o pasado mes de novembro onde diversos profesionais de Recursos Humanos intervinieron sobre o tema do “Traballo, competencias e Recursos Humanos”. As cinco sesións, organizadas pola Sección de PTO en colaboración coa Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, contaron coa presenza de **Olaya Ricoy Moure**, coordinadora de RR.HH. de Tecnocom Telecomunicaciones y Energía; **Santiago Medín Díaz**, xerente de selección de persoal de Ray Human Capital; **Juan Armental López**, director de Arestora Consultores; **José Ortuño Vilurbina**, responsable do Departamento de Persoas e Organización de Repsol; e **M^a Luz Losada Somoza** e **Carmen Patiño García**, ambas membros da Coordinadora do GIPCE do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Déronse a coñecer distintos espazos laborais e formas de xestionar os recursos humanos e foi unha oportunidade para debater sobre o acceso ao mercado laboral e as distintas competencias como responsabilidades que hai que adquirir no exercicio profesional.



Eleccións da división de PTORH

Conforme ao Regulamento de Réxime Interno da División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos, convocáronse eleccións dos tres membros electos da Coordinadora. O pasado 10 de xuño o comité electoral da División, procedeu á proclamación definitiva das tres candidaturas válidamente presentadas e en consecuencia á elección automática



*Enlace ao apartado da
Sección de Psicología do
Traballo e das Organiza-
cións da páxina web do
COPG:
[http://copg.copgalicia.
org/seccions/traballo-e-
das-organizacions](http://copg.copgalicia.org/seccions/traballo-e-das-organizacions)*

dos mesmos: Luis Picazo Martínez, M^a Pilar del Pueblo López e M^a del Carmen Santos Chocán. Quedando a composición da Coordinadora da División de PTORH con estes membros:

- Francisco Javier Sánchez Eizaguirre. COP Las Palmas.
- Pilar del Pueblo López. COP Comunitat Valenciana.
- Luis Picazo Martínez. COP Madrid.
- Carmen Santos Chocán. COP Catalunya.
- José Luis Domínguez Rey. COP Galicia.
- Manuel Vilches Nieto. COP Andalucía Oriental.
- Asesores da División:
- Lourdes Munduate Jaca. COP Andalucía Occidental.
- José María Peiró Silla. COP Comunitat Valenciana.

Afiliación na División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos (PTORH) do Consejo General de la Psicología

A afiliación como membro ordinario da División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos segue aberta sen data límite. Invítase aos colexiados e colexiadas do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a inscribirse na mesma. Podes tramitar a túa inscrición no enlace www.cop.es/ptorh/.



SECCIÓN DE PSICOLOGÍA XURÍDICA

Obradoiro “Intervención con mozos/as delincuentes”

A Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG celebrou os días 3 de maio e 7 de xuño un obradoiro sobre a intervención con mozos e mozas infractores. Foi impartido polos profesionais altamente especializados no campo de intervención con menores infractores, **Juan Luis Basanta Dopico**, doutor pola Universidade de Vigo e psicólogo do Xulgado e Fiscalía de Menores, e **Ricardo Fandiño Pascual**, psicólogo especialista en psicoloxía clínica.



Momento do obradoiro

O obxectivo do obradoiro foi dotar os asistentes dos coñecementos sobre os factores de risco e protección que poidan asociarse á produción dunha acción delituosa no ámbito de menores.

Informacións

A Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG colaborará como organizador local no VIII Congreso (Inter)Nacional de psicoloxía xurídica e forense que terá lugar do 23 ao 25 de outubro en Santiago de Compostela. A inscrición neste congreso, cuxo prazo xa está aberto, contempla cotas especiais para os colexiados e colexiadas. Podedes ver toda a información relativa ao congreso no enlace www.usc.es/congresos/congresopjf/

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía Xurídica da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/secciones/xuridica>

Experto en Psicoterapia Infantil e Xuvenil 3ª Edición

400 horas de formación (300 teóricas e 100 prácticas)
Outubro 2014 a Xuño 2015

Solicita información en: agarimoformacion@yahoo.es



Centro de Psicoterapia Agarimo
C/ Herreros, 28 - Oficina 2 36002 Pontevedra
Telf.: 986108132 - 685511060

GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓGICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS (GIPCE)



Alguns dos participantes no simulacro

Informacións

Simulacros

O pasado 18 de xuño tivo lugar o simulacro de activación do Plan de Emerxencias Exterior da planta de CEPSA CP MASIDE. Ao simulacro acudiron en representación do GIPCE, José Ramón García Gómez e José María Failde Garrido, membros do Grupo, e como Xefa de Garda estivo Fátima López Rodríguez.

O Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) participou o 28 de xuño nun simulacro no Aeroporto de Peinador (Vigo). M^a Luz Losada Somoza, membro da coordinadora do GIPCE acudiu a diferentes reunións coa finalidade de preparar este simulacro xunto co resto de equipos que van a participar.

Actividades relacionadas co accidente do tren Alvia

- A mediados do mes de xuño estiveronse a realizar unha serie de gravacións sobre a experiencia de traballo persoal dos GIPCEs intervinientes no accidente do tren Alvia. A finalidade destas gravacións é que quede unha boa testemuña do que foi toda a nosa experiencia persoal e profesional, de xeito que no COPG quedará como memoria visual do traballo do GIPCE e a vivencia de cada interviniente.

- Foron publicados dous artigos na revista

Psicosocial&Emergencias, un o 24 de abril e outro o 21 de maio respectivamente, sobre o traballo e o enorme esforzo realizado por todos os membros do GIPCE durante os días do accidente ferroviario en Angrois e os dous meses posteriores. A autora dos mesmos foi a coordinadora do GIPCE, Ana Isabel Martínez Arranz. Podedes ver o contido dos artigos nos enlaces: http://psicosocialyemergencias.com/2014/intervencion-psicologica-en-el-accidente-de-tren-alvia-en-santiago-de-compostela-i/#.U5_pyJR_vrl / http://psicosocialyemergencias.com/2014/intervencion-psicologica-en-el-accidente-de-tren-alvia-de-santiago-de-compostela-ii/#.U5_p3ZR_vrl

- O 5 de xuño, a coordinadora do GIPCE, Ana Isabel Martínez Arranz, xunto con outros intervinientes, participaron na gravación dunha reportaxe da TVG sobre o accidente do tren Alvia para falar sobre como afectou a cada grupo a experiencia.

Formación

■ O 23 e 24 de maio tivo lugar o curso sobre “A intervención con intervinientes”, impartido por **Inmaculada Albi Gascó**, Psiquiatra na Consellería de Sanidade da Comunitat Valenciana e membro de SIRA (Rede Multidisciplinar que traballa no campo da clínica, a psicoterapia, a cooperación internacional e o traballo en ONGs) e coordinado por **Mª Elena González Cid**, membro do GIPCE.

O curso dou a coñecer tanto os riscos da intervención en emerxencias, como os recursos de afrontamento cos que conta cada persoa e o equipo no seu conxunto; minimizar o impacto dos riscos psicosociais; e favorecer a activación dos recursos propios, así como a adquisición de novas habilidades.



Momento do curso

Colaboracións e formación externa

■ O 14 de maio e 3 de xuño celebrouse na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) na Estrada un curso de apoio psicolóxico básico e manexo do estrés nos intervinientes en situacións críticas, de emerxencia ou catástrofes, destinados a membros de Protección Civil. Foi impartido polas compañeiras da coordinadora do GIPCE, Isabel Vázquez Prado e Aurora Rozadilla Arias.

■ O pasado 3 de maio tivo lugar o curso para voluntarios de Protección Civil do Concello da Coruña. Foi impartido por Concepción López Martín e José Ramón García Gómez, membros da Coordinadora do GIPCE.

Enlace ao apartado do GIPCE da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/grupos-comisiones/gipce>



HOMOLOGADO POLA
FEDERACIÓN ESPAÑOLA
DE ASOCIACIONES
DE TERAPIA FAMILIAR
EFTA, MEMBERSHIP

PSICOESTUDIO

Telf: 986 295 621

KARMA

Telf: 986 471 439

www.formacioncambio.com

psicoestudio@psicoestudio.com

karmapsicologia@mundo-r.com

Grupos reducidos

Seminarios con especialistas

Prácticas en vivo supervisadas

Horarios e contidos adaptados

ao/a alumno/a ou profesional interesado/a

equipo de formación e supervisión:

José Manuel González Alonso

Celia Cameselle Taboada

José Antonio Muñiz Torrado

Manuel Lopo Lago

colaboradores asociados:

Emilio Gutiérrez García

(Unidade Venres Clínico
Universidade Santiago de Compostela)

José Luis Rodríguez-Arias Palomo

(Complejo Hospitalario Universitario A Coruña, C.H.U.A.C.)

GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE



Momento da sesión formativa



De esquerda a dereita:
Eva Muíño, M^a Rosario Pousa, Concepción Rodríguez, Manuel Castro e Ana Cristina Eiriz

Enlace ao apartado do Grupo de Tráfico e Seguridade da páxina web do COPG:
<http://copg.copgalicia.org/grupos-comisions/trafico-e-seguridade>

Sesión formativa

O 7 de xuño tivo lugar en Santiago de Compostela a sesión formativa do Grupo “Directrices para a formación inicial en psicoloxía do tráfico e da seguridade” cunha duración de catro horas. Na primeira parte da sesión, Julita M^a Touriño Araújo, psicóloga membro do GIPCE, impartiu o relatorio “Intervención con técnicas de manexo do estrés en situación de condución e no postaccidente”. A continuación celebrouse a mesa redonda “Enfocando a intervención con vítimas de accidentes de tráfico”, a cal consistiu na presentación de catro casos, cada un desde un enfoque: sistémico, gestalt, EMDR e cognitivo-condutual. Participaron como relatores Concepción Rodríguez Pérez, vogal da Xunta de Goberno do COPG, Manuel Castro Bouzas, socio da Sección de Psicoloxía e Saúde, M^a Rosario Pousa Torres e Ana Cristina Eiriz Castillo, ambas psicólogas do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero.

Informacións

- Continúase co préstamo dos instrumentos de avaliación do listado do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG para o que se habilitou o seguinte enderezo electrónico, grupotrafico@cop.es, a través do cal todos os colexiados e colexiadas que sexan membros do Grupo poden solicitar o seu uso para facer un mínimo de dous pases e devolver cuberta a ficha de avaliación.
- Informamos de que a vindeira reunión do Grupo está prevista que se celebre o 25 de outubro. Celebrarase unha nova sesión formativa, na cal está pendente que se confirmen os/as relatores.

CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de Información de interese para os colexiados e colexiadas
O COPG non asume –salvo nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos cursos.

Podedes consultar os cursos, xornadas e congresos que non son organizados polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa no seguinte enlace da páxina web do COPG:

www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=1

Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia



HORARIO

Verán

Do 1 ao 30 de xuño

De luns a venres de 8.00 a 15.00 h,
martes de 17.00 a 21.00 h

Do 1 de xullo ao 31 de agosto

De luns a venres de 8.00 a 15.00 h

Do 1 ao 30 de setembro

De luns a venres de 8.00 a 15.00 h,
martes de 17.00 a 21.00 h

Rúa da Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@cop.es
www.copgalicia.es

Redes sociais



Facebook:
www.facebook.com/copgalicia



Twitter: @copgalicia



LinkedIn: www.linkedin.com
(Grupo: Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia)

Membro da EFPA

Federación Europea de
Asociacións Profesionais
de Psicológos

2014 POLA PSICO LOXÍA